

---

# SETE POETAS VASCOS ALÉN DA FRONTEIRA

Textos de **LUIGI ANSELMI, BERNARDO ATXAGA,**  
**JON GEREDIAGA, TERE IRASTORTZA,**  
**XABIER LETE, XABIER MONTOIA,**  
**JOSEBA SARRIONANDIA**

Prólogo de **JOSE ANGEL IRIGARAY**

Ilustracións de **ÁNGEL CERVIÑO**

Tradución para o galego de **ISAAC XUBÍN**

---

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21,5 cm. 152 páx. 13 €

ISBN 978-84-15250-37-1. Factoría K de Libros. Tambo.

PREMIO LOIS TOBÍO DE TRADUCCIÓN 2012 (ASOC. GALEGA DE EDITORES)


*“...Nos anos sesenta do século XX empeza a xurdir unha pléiade de poetas novos, tanto homes como mulleres. As influencias son xa varias: dende a bagaxe da poesía tradicional, o simbolismo, o formalismo e o surrealismo até os novos xeitos de abordar a literatura en xeral e a poesía en particular, sede e aires de liberdade, de ruptura, de experimentación, a xeración beat...”*

(Fragmento do prólogo de Jose Angel Irigaray)

De idades, estilos e traxectorias diferentes, o que teñen en común os poetas vascos agrupados nesta antoloxía é a súa pertenza a unha lingua milenaria e o feito de publicaren boa parte da súa obra na editorial Pamiela. De cada un, preséntanse media ducia de composicións -en edición bilingüe éuscaro/galego- que pretenden estimular o interese dos lectores galegos por unha poesía insuficientemente divulgada alén da súas fronteiras.

Factoría K retoma o ronsel literario iniciado pola colección de poesía Tambo, que interrompera a súa actividade en 2006 despois de máis de trinta entregas. Daquela -e tamén con Luís Rei Núñez como coordinador- saíron obras de escritores como Carlos Oroza, Ramiro Fonte, Estíbaliz Espinosa, Antón Patiño, Román Raña, Manuel Romón, Elvira Rivero, Xavier Seoane, Cecilio Muñoz ou Manuel Álvarez Torneiro. Na ilustración das portadas colaboraron artistas como Menchu Lamas, Xosé Freixanes, Berta Cáccamo, Marta Armada ou Antón Lamazares. Nesta nova etapa, Tambo ábrese a autores doutras linguas traducidos directamente para o galego.

---



---

■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: “Os ángulos da brasa”, de Manuel Álvarez Torneiro (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012); “Tríptico”, de Antoni Marí.

---

## **Luigi Anselmi** (Bilbao, 1954)

Pseudónimo de Luis Gutiérrez Larrea, está considerado un poeta culto. É autor dos libros de poemas “Zoo ilogikoa” (1985, Zoo ilóxico) e “Gure ametsen gerizan” (2000, Á sombra dos nosos soños).

## **Bernardo Atxaga** (Asteasu, 1951)

Pseudónimo de Jose Irazu Garmendia, obtivo o Premio Nacional de Narrativa por “Obabakoak” (1989, traducido en galego por Factoría K, ao igual que “Sete casas en Francia”). Antes, co poemario “Etiopia” (1978), abriu novos camiños para a poesía en Euskadi.

## **Jon Gerediaga** (Bilbao, 1975)

Antropólogo e estudoso da cultura mapuche, é autor de “Fitola balba, karpuki tui” (2004) e da obra referencial “Jainkoa harrapatzteko tranpa” (2008, Trampa para atrapar a Deus).

## **Tere Irastortza** (Zaldibia, 1961)

Filóloga, é autora de “Gabeziaren kanthoreak” (1995, Cantos de ausencia) ou “Glosak. Esana zetorrenaz” (2003, Glosas. Sobre o que viña dito).

## **Xabier Lete** (Oiartzun, 1944 – Donostia, 2010)

Foi un dos cantautores que, en 1965, con Mikel Laboa, fundou o grupo Ez Dok Amairu. Editou “Urrats desdiberatuak” (1981, Os pasos errados) e tamén “Eguntsentiaren esku izoztuak” (2008, As mans aterecidas do amencer).

## **Xabier Montoia** (Gasteiz, 1955)

Tamén novelista, fundou bandas de rock. Estreouse coa obra “Anfetamiña” (1981), seguida de “Narratzen mintzoa” (1988, A linguaxe dos réptiles).

## **Joseba Sarrionandia** (Iurreta, 1958)

Filólogo e tradutor do galego, é un dos referentes actuais da literatura vasca, con poemarios como “Marinel zaharrak” (1987, Os vellos mariñeiros) e “Hnyu Illa nyha majah yahoo” (1995).